



REQUIRIMENTO DE EMENDA DE DOCUMENTACIÓN

Pola Orde do 19 de xullo de 2023 (DOG núm. 145 do 1 de agosto de 2023), apróbanse as bases reguladoras que rexen o concurso público de once bolsas de formación en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e procédese á súa convocatoria (código de procedemento PL500D).

As bases cuarta, quinta e sexta da convocatoria establecen que as solicitudes presentadas deberán reunir os requisitos xerais e específicos esixidos para cada proxecto e que se formalizarán no modelo PL500D, debidamente cumprimentado e asinado, na forma e prazos indicados.

O Servizo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH), órgano encargado da instrución do procedemento, revisou as solicitudes presentadas e a documentación achegada, ao abeiro da base oitava da orde de convocatoria, e advirte que todas elas se axustan ao estipulado.

Polo exposto,

Publícase o presente escrito, na páxina web do CRPIH (<http://www.cirp.gal>), indicando que **non é preciso realizar ningún requirimento de emenda de documentación a ningunha das persoas solicitantes.**

Santiago de Compostela

A xefa de servizo do CRPIH

Ruth Otero Vilar

